

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pena Franqueira

Nesta pena situada en San Bartolomeu de Fraga, concello de Lobeira (Ourense) viven os mouros e ten gravuras que son o sinal ou "garda" dun tesouro agochado por alí.

Sábese do tesouro polo Libro de San Cipriano. Unha vez un veciño de Fraga fixo o camiño de volta da feira de Lobeira na compañía dun mouro que traía canda el un porquiño que mercara. Ó chegar á pena o mouro deulle ó home unha bolsa chea de cartos e despois desapareceu. O porco tamén desapareceu.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LOURENZO, Xurxo, FARIÑA, Luciano, «Tres estacións de arte rupestre da Serra do Leboreiro», en Nós, 115, 1933.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.